# ✓ O león:



É coñecido como o **Rei da Selva** pola súa impoñente presencia e o seu ruxido (pode escoitarse a varios km) . Pertence á familia dos felinos, sendo o 2º máis grande despois do tigre. Ten garras enormes e uns cabeiros que poden medir ata 9 cm. Os machos distínguense pola súa gran melena de cor castaña, que canto máis clara é, máis novo é o león. As femias non teñen melena e son grandes cazadoras. Son moi sociables e viven en manadas. Pasan moitas horas ao día descansando, poden chegar a durmir ata 16 h. Están en perigo de extinción polo que hai que protexelos.

Tendo en conta as clasificacións anteriores os leóns son: **mamíferos**, **vertebrados**, **vivíparos** e **carnívoros**.

Recoñeces os leóns?. Rodéaos. Hai 3.

















# Completa a imaxe e colorea.



## ✓ A cebra:



Pertence á familia dos cabalos, pero a diferencia de estes nunca chegaron a ser domesticadas. Son animais moi robustos que miden aproximadamente uns 2m de longo e 1 m. Son de cor negro con raias brancas, raias que lle serven para camuflarse dos depredadores. Teñen moi boa visión e moi bo oído. Adoitan vivir entre 20 e 30 anos.

Tendo en conta as clasificacións anteriores as cebras son: **mamíferos**, **vertebrados, vivíparos e herbívoros**..

Recoñeces as cebras?. Rodéaos. Hai 3.











# Busca as cebras diferentes ao modelo



http://olgacatasus.blogspot.com.es/

## ✓ A xirafa:



É o animal máis alto do mundo, podendo chegar os machos a medir ata 6m. Ten uns cornos que se chaman OSSICORNS, a diferenza cos machos é que as femias os teñen de menor tamaño e cubertos de pelos. As súas manchas son de cores de tons marróns, pardos e negros, o que lle serve para camuflarse. Ten unha lingua enorme para chegar mellor aos alimentos e que tamén lle serve para limpar as orellas. O seu corazón e o seu pescozo tamén son enormes.

Tendo en conta as clasificacións anteriores as xirafas son: **mamíferos, vertebrados, vivíparos e herbívoros.**

Recoñeces as xirafas?. Rodéaas. Hai 2.













# Axuda á xirafa a chegar á árbore.



"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

## ESCRIBE O NOME DAS PARTES DA XIRAFA



ORELLA - COLA - PESCOZO
PATAS - CABEZA - CORPO

# ✓ O CROCODILO :



É o animal máis antigo do noso planeta. A súa mordida é das máis potentes, de feito chega a mudar os seus dentes entre 2 e 3 veces ao ano. Como non pode mastigar, corta en anacos á súa presa e os tragan enteiros. Son semiacuáticos, viven tanto dentro como fóra da auga, xa sexa doce ou salgada. A súa pel é tan dura que lle serve de coraza protectora, e pode variar a súa cor para camuflarse. Teñen unha excelente visión nocturna. Na actualidade corren perigo porque a súa pel é moi valorada.

Tendo en conta as clasificacións anteriores os crocodilos son: **vertebrados**, **ovíparos** (nacen de ovos) **e carnívoros**..

Recoñeces os crocodilos?. Rodéaos. Hai 2.



# Une os puntos




www.mescoloriages.com

ARRODEA DE AMARELO OS CROCODILOS QUE MIREN CARA O LADO DEREITO.



# O hipopótamo:



É un animal semiacuático, ao igual que os crocodilos. Vive preto da auga (ríos ou lagos), e móvese máis facilmente por ela que por terra, onde é máis torpe. É moi territorial, e defende o seu territorio con agresividade, de feito considérase o animal máis perigoso do mundo. Os seus cabeiros nunca deixan de crecer e son moi valoradas, polo que son cazados sen piedade. Para ameazar ao resto de animais bostezan, xa que de este xeito lles ensinan os seus enormes dentes.

Tendo en conta as clasificacións anteriores os hipopótamos son: **mamíferos**, **vertebrados**, **vivíparos** e maioritariamente **herbívoros**.

Recoñeces os hipopótamos?. Rodéaos. Hai 2.








# UNE OS PUNTOS.




"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

# ORDEA ALFABÉTICAMENTE:

Recorda:

| A B C D E F G H I L M N Ñ O P Q R S T U V X Z |
|---|

**ÑU - RINOCERONTE - ELEFANTE - LEOPARDO**
**LEÓN - CEBRA - XIRAFA - CROCODILO - HIPOPÓTAMO**

1.- ____________________________

2.-____________________________

3.-____________________________

4.-____________________________

5.-____________________________

6.-____________________________

7.-____________________________

8.-____________________________

9.-____________________________

# ONDE ESTÁ CADA ANIMAL?



"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

# BUSCA OS SEGUINTES ANIMAIS NA SOPA DE LETRAS





| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| C | R | O | C | O | D | I | L | O | M | J |
| O | M | T | Y | A | P | O | N | H | X | E |
| Q | X | I | R | A | F | A | P | I | H | G |
| Z | A | N | Y | T | U | I | N | P | J | K |
| W | W | Y | P | X | Y | J | O | O | S | W |
| T | U | H | D | C | N | Y | J | P | H | U |
| C | V | X | L | R | W | K | J | O | X | R |
| E | Y | Q | E | S | Y | E | P | T | Y | Y |
| B | W | X | O | M | S | O | Z | A | T | Q |
| R | N | T | N | S | P | O | W | M | C | K |
| A | J | H | D | U | T | K | T | O | P | H |







"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

# XOGO DE MEMORIA... A XOGAR!!!

Antes de comezar a xogar temos que ***preparar o material,*** polo que deberiamos...

-Imprimir dúas veces as páxinas coas tarxetas que aparecen a continuación.

-Se fose posible, pegaremos as tarxetas nunha cartolina para facelas máis resistentes.

-Recortamos as tarxetas.

Unha vez que temos todo listo...cales son as ***regras do xogo?***

-Para comezar unha partida mesturaremos todas as cartas.

-Colocaremos as cartas sobre a mesa boca abaixo de xeito que non podamos ver as imaxes.

-O primeiro xogador dará a volta a dúas cartas, se son iguais, quedarase con elas, se son diferentes, volverá a colocalas boca abaixo.

-A continuación tocaralle a outro xogador. E así ata que non quede ningunha tarxeta.

-O gañador será o que máis tarxetas acumule.

**A gozar do xogo!!!**











"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón

# XOGO DE MEMORIA... A XOGAR!!!

Antes de comezar a xogar temos que ***preparar o material,*** polo que deberiamos...

-Imprimir as páxinas coas tarxetas que aparecen a continuación.

-Se fose posible, pegaremos as tarxetas nunha cartolina para facelas máis resistentes.

-Recortamos as tarxetas.

Unha vez que temos todo listo...cales son as ***regras do xogo?***

-Para comezar unha partida mesturaremos todas as cartas.

-Colocaremos as cartas sobre a mesa boca abaixo de xeito que non podamos ver as imaxes e as palabras.

-O primeiro xogador dará a volta a dúas cartas, se atopa a parella *personaxe/nome do personaxe* quedarase coas cartas. De non ser así volverá a darlle a volta a ambas.

-A continuación tocaralle a outro xogador. E así ata que non quede ningunha tarxeta.

-O gañador será o que máis tarxetas acumule.

## A gozar do xogo!!!

"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón









XIRAFA

CEBRA

HIPOPÓTAMO

RINOCERONTE

"Trouleando polo Mundo" , proxecto da Aula Marrón











ÑU

LEOPARDO

CROCODILO

LEÓN

ELEFANTE